

Rodríguez Guerra, Alexandre (1997): «Aspectos da transitividade galega: os complementos con 'en'», en Benigno Fernández Salgado (ed.): *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos*. Oxford: Centre for Galician Studies, vol.1, pp. 343-352.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

ASPECTOS DA TRANSITIVIDADE GALEGA: OS COMPLEMENTOS CON 'EN'

ALEXANDRE RODRÍGUEZ GUERRA
(*Universidad de Salamanca*)

Cando os lingüistas (especialmente os de tradición románica) falan en termos de transitividade preposicional ou de complementación de réxime preposicional, esquecen as peculiaridades que presenta o galego moderno. É preciso recoñecer, sen embargo, que estas lagoas teñen a súa orixe inmediata na falta acusada de traballos sobre o galego e dende o galego. Se non fose así, carecería de sentido subliña-lo feito do copioso emprego do recurso prepositivo como elemento marcador do segundo oco valencial das cláusulas galegas. Os obxectivos da presente comunicación sitúanse ó redor destes parámetros, reducindo, iso si, as nosas pretensións ó manexarmos exclusivamente as construcións introducidas pola preposición *en*.

Tentaremos, en primeiro lugar, facer un percorrido histórico e rastrexar as referencias bibliográficas que, dun xeito ou doutro, trataron este tema; e, en segundo lugar procuraremos describi-la regularidade e o artellamento interno que rexen as construcións galegas en que o segundo lugar valencial pode aparecer 'indistintamente' sen preposición (= CDIR) ou precedido de *en*.

1. É innegable que os traballos no seo da lingüística galega experimentaron un notable avance nos últimos anos. Sen embargo, algunhas facetas da Sintaxe galega aínda non forman parte dos nosos repertorios bibliográficos. A carencia revélase maior cando queremos profundizar nalgúns puntos moi concretos dun eido tan específico como é o da transitividade. En efecto, pouco importa que teñamos algún estudio monográfico ou mencións máis ou menos constantes en tódalas nosas gramáticas se non aprehendémo-la armazón que artella as distintas opcións constructivas dos esquemas sintácticos prepositivos en galego.

Imos centra-la nosa exposición na análise o máis detallada posible dunha destas estruturas. Tentaremos atopar-la sistematicidade que presentan exemplos

como *Us toupos fozan pra* buscar nas miñocas *pra* manterse ou *E viñamos* comendo no bocadillo *ó* mediodía.

O corpus que serve de base a este traballo procura se-lo suficientemente exhaustivo para que a fiabilidade derivada dos seus resultados sexa a máxima posible. Neste sentido peneiramos máis de sesenta obras da literatura galega entre narrativa, poesía e teatro (respectivamente supoñen o 64 %, o 23 % e o 13 %) tanto do século XX coma do XIX (79 % e 21 %, respectivamente). Pero, sobre todo, quixemos traballar cunha compilación de textos orais procedentes esencialmente de teses de falas (quince), así como de distintas gravacións e transcricións da fala viva (en total máis de medio cento) que abranguen puntos espallados por toda a xeografía galega. Obtemos como cómputo final de exemplos sobre os que imos proxecta-la nosa análise máis de cincocentos (concretamente cincocentos dezaioito).

2. O punto de partida esencial á hora de desenvolver correctamente todo o noso traballo pasa polo adecuado acoutamento dos criterios válidos para opor e caracterizar pertinentemente este tipo de construcións dentro dos distintos esquemas sintácticos do galego. Non obstante non imos optar por un apriorismo que incardine uns resultados que reflectan só a parcela sesgada de que proveñen.

Así, manexaremos uns parámetros, necesariamente parciais, que van fornecer, ademais de tódolos exemplos prototípicos, un amplo abano da casuística que se sitúa nesas zonas borrosas que responden en menor grao a algún ou a varios dos criterios que fagamos intervir.

- O primeiro é de índole formal e responde á presenza (que non a rexencia por parte do predicado) da preposición *en*.
- Sintacticamente o estatus que ocupa na cláusula é o do segundo lugar valencial.
- E, por último un criterio paradigmático, como é a permisibilidade de desaparición da preposición sen que varíen as características semánticas intrínsecas do predicado: os semas ou as posibles acepcións de *munxir* son exactamente os mesmos tanto en *Puxéronse a munxir nas cabras* coma en *Puxéronse a munxi-las cabras*.

A suposta transparencia con respecto á infalibilidade do criterio prepositivo, pódese volver translúcida ó investigador dende o momento en que a ambigüidade sobre a presenza ou non de *en* pode xurdir por fonética sintáctica. Tal e como apuntan os autores da *Gramática Galega* (1986: 34) a propósito das secuencias «'verbo rematado en -n' + 'artigo'»:

(...) A restricción en canto á velaridade cando seguen artigo ou pronome persoal acusativo débese a que neses casos a consoante só

aparentemente é final; a súa pronunciación é sempre alveolar (...). A pronuncia corrente é *comen* [k'ɔmɛŋ], (...) pero *comen o pan* [k'ɔmɛnɔpan] (...).

De non aparecer información sobre a forma plural do verbo, foneticamente non se oporía este último exemplo en nada a (*el*) *come no pan*. Este caso de 'sincretismo fonético' na realidade cotiá da nosa lingua non se revela excesivamente operativo porque quer o contexto, quer as distintas marcas lingüísticas (pronome tónico suxeito, concordancia...) fan que no noso corpus non atopasemos nin un único caso de adscrición dubidosa¹.

3. Imos mergullarnos agora na tradición gramatical galega rastrexando as posibles pegadas que denuncien o tratamento de estruturas similares ás que son obxecto do noso estudio. Evidentemente moitas delas non indican para nada a existencia desta posibilidade constructiva do galego, entre outras cousas porque isto non era o que se perseguía nas mesmas: os compendios gramaticais primixenios eran, en realidade, repertorios léxico-morfolóxicos máis ou menos afortunados. Así non atopamos nada nas 'gramáticas' de Mirás (1864), Cuveiro Piñol (1868), Valladares (1892), Lugrís Freire (1922) ou Couceiro Freijomil (1935) nin na obra filolóxica, *lato sensu*, de Santiago y Gómez (1918).

Un comportamento ben distinto preside a obra de J. A. Saco Arce (1868). Ademais dun bo número de exemplos (1868: 203-204) «*cumia n-o queixo como si fora pan*», «*ti bebes n-o augardente hastra non poder mais*», «*Apura n-iles*», «*Non fai mais que encirrar n-iles*» engade información suplementaria ó indicar que son os verbos que designan unha acción os que se adoitan construír con esta preposición.

Carballo Calero bastantes anos máis tarde escribe na súa gramática (1966: 334) que a preposición *en* «con certos verbos introduce o obxecto da acción» e, dos tres exemplos que recolle, un é (1966: 335) «*adora nas suas fillas*».

Carré Alvarellos no epígrafe dedicado á preposición *en* comenta, ó igual que xa fixera Saco Arce, que se constrúen con ela os verbos que «denotan a acción de comer, beber e outras de distinta índole» (1967: 161-162). A continuación proporciona unha serie de exemplos como «*Os ratos roeron no millo hastra dar cabo*

¹ Non se esgota aquí a problemática mencionada. Tamén orixinado por fonética sintáctica rexistramos un fenómeno similar, aínda que esta vez cun ámbito de acción bastante máis restrinxido có anterior. R. Álvarez (1983: 179) dá conta desta posibilidade ó indicar que para as formas verbais rematadas en ditongo (e esporadicamente tralo pronome *eu*): «(...) a terceira forma do artigo non se presenta de maneira tan xeneralizada, pero non faltan exemplos; sabemos que abunda no occidente da Coruña, pero tamén que non é exclusiva desa zona: *e declarei-na verdá* (...) *e pousei-no sestíño* (...); *esa peste desgraciada / que lle quitou-nas ideas* (...), *o que roubou-na ghaliña / nin foi raposo nin can* (...) *que me roubou-na ghaliña / e mais doume ca chavella* (...)).

d'ele» ou «apupaba no probe do home coma se fora un choqueiro» e engade outro máis coa indicación explícita da súa procedencia *Proezas de Galicia* (1808): «*Empezamos tal fogo de cañón que barría neles que era un gusto*».

Os autores da *Gramática Galega* no apartado dedicado á preposición *en* afirman (1986: 501) que:

39.4. Tras verbos que expresan unha acción en desenvolvemento pode introduci-lo complemento directo: *Coser na roupa, Ler no libro, Sachar nas patacas, Segar no trigo, Comer no queixo, Púxose a rillar no pan, Está sempre encirrando nel*.

Engádesse neste caso unha consideración de natureza aspectual sobre o tipo de verbos que adoitan presentar estes complementos e que remite á «acción en desenvolvemento». Argumento aspectual que se retoma na gramática de Costa *et alii* (1988), cunha lixeira variación (1988: 262): «*b* (...) acompañando a verbos en que o seu lexema expresa acción durativa». As dúas gramáticas están a falar en termos de *aktionsart*, é dicir, os mecanismos de expresión para vehicula-los contidos aspectuais son os léxicos (e non os morfolóxicos ou sintácticos).

Un traballo xa clásico no que se lle presta bastante atención á opción constructiva coa preposición *en* é o que fai A. Santamarina no seu estudo sobre o adverbio galego. Nel, aínda que fala maioritariamente en termos de «verbos de acción» indica que (1975: 96): «case non hai verbo transitivo que non sexa susceptible deste uso prepositivo». A caracterización posterior de exemplos como «*e bota a arrancar nos nabos*» ou «*apazugaron un chisco nel*» faina recorrendo ó aspecto durativo das «accións complementadas con *en*» (1975: 95).

Localizamos algunha que outra referencia a esta estrutura en teses sobre falas particulares. Así, Porto Dapena (1977: 213), J. L. Couceiro (1976: 135), ou M. Taboada (1979: 169) falan respectivamente en termos de «verbo con matiz durativo ou que expresa a acción no seu desenvolvemento», «o modo de acción do verbo é o imperfectivo» e «verbos con matiz durativo»².

Xosé Luís Regueira no seu estudo sobre a Terra Cha refírese a este tipo de construcións (1989: 624-625):

(...) a preposición *en* só é posible cando o contexto indica o inicio ou o desenvolvemento dunha acción (presente e imperfecto, perífrases incoativas ou imperfectivas): *Están segando na herba, Vai segar na herba*.

2 Gómez Pintor malia a facer un estudio monográfico sobre a preposición *en* limitábase a apuntar que se emprega con «aqueles verbos que expresan unha acción en desenvolvemento» (1984: 284).

Este investigador mantén a mesma liña interpretativa cós seus predecesores no relativo ós «verbos de acción» e ó «aspecto incoativo-durativo» pero introduce unha nova variable: vai ser todo o estado de cousas o que cree esa atmosfera aspectual adecuada e non só un elemento discursivo individual.

Unha vez concluído este rápido percorrido por tódolos traballos que, dun xeito ou doutro, lle dedicaron algo de atención a este tema, non podemos estar excesivamente satisfeitos co panorama deseñado: carecemos de datos concretos sobre a sistematicidade e a rendibilidade desta construción en galego; fálase dela como de algo anecdótico que nos diferencia do castelán; danse uns poucos de exemplos axeitados —no mellor dos casos— ó comentario gramatical que se fai, proporcionando sempre solucións *ad hoc*; bótase de menos un rigor á hora de defini-los conceptos lingüísticos esgrimidos; a circularidade entre si dos distintos estudos é realmente preocupante, tanto que, en vez de avanzar na espiral do coñecemento lingüístico, creo que non esaxeramos demasiado se afirmamos que dende Saco Arce pouco terreo se adiantou.

4. Comezamos agora un novo apartado expositivo. Nel imos fornecer toda a información pertinente que poidamos extraer da análise do noso corpus. Un primeiro dato significativo remite á procedencia dos exemplos. ó suma-los que se recollen directamente do dominio oral obsérvase que supoñen o 59 % do total; seguen as obras narrativas do século xx cun 23 % dos exemplos e, finalmente cunha porcentaxe mínima está a poesía (co 3 % dos exemplos).

Enxergando algo máis preto estas estatísticas e cruzándoas con outras, derívanse varias consecuencias importantes:

— por un lado cómpre destacar que este é un fenómeno lingüístico supragalego, localízase uniformemente por todo o territorio, non se trata, xa que logo, dunha variante diastrática: calquera falante nun acto comunicativo individual opta ou pode optar en bastantes ocasións por esta posibilidade constructiva.

— por outro, no século XIX observamos que este fenómeno xa está perfectamente asentado este fenómeno: un 11 % dos exemplos proveñen deste século. Débese subliña-lo feito de que nas cántigas populares (exemplo canónico da nosa literatura de transmisión oral) se documenta unha boa cantidade deles (o 7 %). Non cabe ningunha dúbida de que estamos diante dunha estrutura perfectamente asentada no idioma, polo menos, xa na fase moderna do mesmo.

— finalmente, hai que facer nota-la relación inversamente proporcional entre grao de formalismo do contexto comunicativo e cantidade de exemplos atopados³. No discurso poético hai bastantes menos exemplos ca na narrativa (e

3 Introducimos xa, de xeito aproximado, o factor de corrección pertinente polo que se refire ó número de exemplos en proporción á cantidade de texto examinado.

dentro dela rexístranse máis canto máis 'popularizante' é, e presenta menos segundo se fai máis técnica e ensaística). O dominio falado é, con diferenza, o que máis rendibilidade saca desta estrutura (sobre todo nas circunstancias cotiás, máis informais).

Situámonos agora no ámbito do predicado. Temos máis de 190 verbos diferentes. Só uns poucos presentan dez ou máis aparicións: *comer* (40); *mallar* (39); *roer* (23); *buscar* (19); *facer* (14); *segar* (13); *apañar* (12) e *cortar* (10); outros trinta e un están entre nove e tres aparicións; trinta e cinco contan con dous exemplos e do resto, a maioría, só temos un único representante.

Se abordámo-la clasificación sintáctica dos mesmos, segundo o número de argumentos que requiran para configura-la contorna clausal, decatámonos de que entre eles, obviamente, non hai ningún verbo monovalente, unha ducia son verbos trivalentes e o resto bivalentes. Entre os verbos trivalentes ademais de exemplos como *cargar*, *sacar*, ou *poñer* incluimos tamén *vender* e *comprar* (aínda que algúns autores os definan como tetravalentes). Esta é clasificación *a priori*, a realidade sen embargo é outra ben distinta porque, nos exemplos reais e concretos, practicamente o 100 % dos casos son sempre bivalentes: *e andan os dous vendendo nos cochos*, *cando meu padre estaba sacando no pelo* ou *bueno, aora... aora'mpezaron a comprar neles*.

Por outra banda a maioría dos verbos bivalentes teñen o segundo argumento requirido pero non esixido (*comer*, *beber*, *matar...*) e, consecuentemente en moita menor medida, tamén rexistramos verbos bivalentes co segundo argumento esixido: *agora estou facendo na comida* ou *i eu fíxenme perdoadora de todo, e coidaba nela*.

Cando toda a tradición gramatical consultada fala unanimemente de verbos «de acción» é que bastante de verdade hai nisto. En efecto a porcentaxe de verbos que indiquen acción é moi, moi elevada, pero hai que deixar constancia doutro tipo de verbos que non implican necesariamente este trazo (*embicadar*, *enganar*, *estrear...*).

Polo que se refire ó modo de acción, é certo que a maioría dos verbos poden ser considerados atélcos (isto é, van desenvolvendo a súa actividade ó longo dun intervalo e, aínda que se interrompan en calquera momento dese intervalo, xa se produciron) *segar*, *bullar*, *fiar*, *abalar...*, pero non é menos verdade que temos exemplos demasiado claros de verbos co modo de acción télico, é dicir, que se sofren unha interrupción non se chegan a realizar, por exemplo *apagar*, *cerrar*, *matar...*: *mataban nils com'en coellos*.

O 58 % das formas verbais son non perifrásticas (cf. co citado liñas enriba por X. L. Regueira). Delas o 14 % están en presente de indicativo, o 13 % en copretérito e o 10 % en pretérito. Sen embargo son as formas non paradigmáticas as maioritarias: 30 % de xerundios e 22 % de infinitivos. Aínda que cun número de

exemplos moito máis reducido atopamos exemplos de case tódolos tempos verbais, circunstancia que permite afirmar que practicamente non hai tempo verbal que non admita —no contexto adecuado— esta construción prepositiva.

O 42 % das formas verbais son perifrásticas, 128 de xerundio e 86 de infinitivo. A maioría delas presentan o valor aspectual de imperfectividade: *andar + x*, *estar + x*, *ir + x*, *seguir + x* e *vir + x*; ou son aspectuais incoativas: *poñerse a + i*, *empezar~comezar a + i* ou *dar en + i*. Este foi un dos principais datos que apoiou sempre a interpretación da oposición entre as estruturas con e sen preposición en termos aspectuais durativos. Pero, ¿non é de estrañar que unha hipotética oposición nese sentido necesite precisamente unha marca formal con ese valor? Porque se algo está claro é que tan durativo é *estabamos tascando o liño* como *estabamos tascando no liño*.

Pasando a analiza-lo ámbito da cláusula o 33 % delas son subordinadas, o 32 % independentes e o 26 % coordinadas. As oracións bipolares supoñen unicamente o 8 % do total.

O 96 % dos rexistros son afirmativos, en total localizamos 19 exemplos coa polaridade negativa, por exemplo, *... e non se podía segar no pan*.

Cincocentos casos, que supoñen o 97 %, están na modalidade declarativa, atopamos oito exemplos de imperativos (2 % do total) dous de interrogativos, un desiderativo e dous dubitativos.

O trinta e oito por cento dos exemplos presentan como únicos elementos configuradores, e por esta orde, predicado e complemento preposicional. En setenta e dúas ocasións atopámo-la secuencia suxeito-verbo-complemento preposicional (atorce por cento). En total obtémo-lo dato sorprendente de que hai 469 rexistros que presentan nesta orde e sempre un a carón do outro 'predicado + complemento preposicional' (supoñen o 91 por cento). Isto independentemente de que apareza ou non o suxeito ou algún ou varios complementos circunstanciais, pero sempre ou antepostos ou pospostos a esa 'unidade' formada polos dous constituíntes. Soamente temos catro exemplos en que unha pausa separe predicado e complemento.

O suxeito, con independencia de que estea explicitado (30 %) ou non, é humano nun 76 %, animado nun 11 % e só temos quince exemplos con suxeito inanimado. Pódese soste, xa que logo, que o suxeito admite practicamente sempre a asignación da función semántica de axente.

¿Como é o tipo de unidade que acompaña á preposición *en*? No 71 % das ocasións é unha frase nominal (con núcleo substantivo) mentres que é un pronome persoal tónico nun 26 % das aparicións. O seu número é maioritariamente o singular cun 58 % dos casos. De tódolos xeitos a cifra realmente importante e significativa é que só un 4 % dos exemplos vén sen determinación de ningún tipo.

Como se pode apreciar, o complemento aparece sempre fortemente individualizado. Polo que se refire ó trazo da animación só nun 30 % dos rexistros é + animado polo que podemos afirmar que o obxecto se comporta neste caso como tal ó presentar un 70 % das ocorrencias.

5. Recapitulando brevemente tódalas características ata aquí examinadas observamos que se sitúan sempre nos niveis máis altos dunha escala imaxinaria que puidese medi-la transitividade (ó xeito da proposta de Hopper e Thompson)⁴ menos en dous apartados. Por un lado a maioría das cláusulas presentan un estado de cousas atélico, pero non como consecuencia inmediata da presenza/ausencia de preposición, senón como resultado dalgo moito máis xenérico e que hai que inserir no interior do propio esquema transitivo: a preposición 'independiza', 'illa' en certo sentido sintáctica e semanticamente a(s) entidade(s) representada(s) no obxecto (e este é, por suposto, o outro punto en que se atopa na parte inferior da gradación transitiva) do proceso denotado no predicado. Por iso o esquema transitivo prototípico, toma o complemento directo na súa integridade sobre o que se actúa e que, loxicamente, na maioría das situacións designadas aparece nun contexto télico (puntual), mentres o complemento coa preposición, cunha menor 'afección do obxecto' (que se dilúe para se-lo ámbito continuado en que se realiza unha actividade) prefere un carácter atélico (durativo).

Cando a propósito da situación da gramática do galego se verten afirmacións tan recentes como as de Xavier Varela (1991: 45):

A tradición de análise gramatical científica naceu aínda onte e as poucas perlas que se foron producindo na mesma son insuficientes para facer do colar un ornamento no que poder descansar tranquilamente a mirada, seguros de que o máis esencial da gramática do galego foi sacado á luz da comprensión

Calquera contribución por pequena que sexa, achegar un baleiro aínda excesivamente amplo no eido da sintaxe galega.

O noso obxectivo primordial foi analiza-la sistematicidade, funcionamento e características dunha posibilidade constructiva preposicional galega. Deixamos nun segundo plano —e só aventuramos algunha pequena hipótese— problemas doutro tipo como poden se-la interpretación teórica, ou o reparto funcional, pero

⁴ P. J. Hopper. e S. A. Thompson (1980): «Transitivity in grammar and discourse», *Language*, 56: 251-299.

preferimos actuar así e non cunhas pretensións maximalistas deste esquema sintáctico aínda que o noso resultado sexa unha perla excesivamente cativa para o colar que temos que facer entre todos.

REFERENCIAS

- Álvarez Blanco, R. (1983): «O artigo en galego. Morfoloxía», *Verba*, 10, 169-82. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela.
- Álvarez, R. & Regueira, X. L. & Monteagudo, H. (1986): *Gramática galega*, Galaxia, Vigo.
- Carballo Calero, R. (1979) [1966]: *Gramática elemental del gallego común*, 7.^a ed., Galaxia, Vigo.
- Carré Alvarellos, L. (1967): *Gramática gallega*, Moret, A Coruña.
- Costa, X. X. & González, M.^a dos A. & Morán, C. C. & Rábade, X. C. (1988): *Nova gramática para a aprendizaxe da lingua*, Vía Láctea, A Coruña.
- Couceiro Freijomil, A. (1935): *El idioma gallego: historia, gramática, literatura*, A. Martín, Barcelona.
- Couceiro Pérez, J. L. (1976): *El habla de Feás*, Anexo 5 de *Verba*, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela.
- Cuveiro Piñol, J. (1868): *El habla gallega. Observaciones y datos sobre su origen y vicisitudes*, Imprenta de J. A. Antúnez y Cía., Pontevedra.
- Gómez Pintor, M. (1984): «Usos y valores de la preposición 'en', en *Merlín y familia* de Alvaro Cunqueiro», *Verba*, 11, 281-8. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela.
- Lugrís Freire, M. (1931) [1922]: *Gramática do idioma galego*, 2.^a ed., Moret, A Coruña.
- Mirás, F. (1864): *Compendio de gramática gallega-castellana*, Imprenta de M. Mirás, Santiago de Compostela.
- Porto Dapena, J. A. (1977): *El gallego hablado en la comarca ferrolana*, Anexo 9 de *Verba*, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela.
- Regueira, X. L. (1989): *A fala do norte da Terra Cha: estudio descriptivo*, Tese de Doutoramento, Universidade de Santiago de Compostela.

- Saco Arce, J. A. (1868): *Gramática gallega*, Imprenta de Soto Freire, Lugo.
- Santiago y Gómez, J. de (1918): *Filología de la lengua gallega*, El Eco Franciscano, Santiago de Compostela.
- Taboada Cid, M. (1979): *El habla del valle de Verín*, Anexo 15 de *Verba*, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela.
- Valladares Núñez, M. (1970) [1892]: *Elementos de gramática gallega*, Galaxia, Vigo.
- Varela Barreiro, X. (1991): *Os cuantificadores en galego moderno: A cuantificación pronominal*, Tese de Doutoramento, Universidade de Santiago de Compostela.